

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SUCURSAL EN ESPAÑA DA FUNDACIÓN XAPÓN E A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS, A TRAVÉS DA FILMOTECA DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega das Industrias Culturais, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega das Industrias Culturais formalizou coa Fundación Xapón Madrid o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura do convenio ata o 30 de novembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a organización da retrospectiva dedicada á directora de cinema xaponés Sumiko Haneda, a través dun ciclo que se compón de dez das súas películas máis representativas, que serán proxectadas nas datas que se indican:

- KYÔSHITSU NO KODOMOTACHI: GAKUSHÛ SHIDÔ E NO MICHİ (Susumu Hani, 1954), 30', se proyectará el 5.11.2024.
- URA NO FUJIN GAKKYÛ (1957), 25', se proyectará el 5.11.2024.
- HÔRYUJI KEN'NÔ HÔMOTSU (1971), 20', se proyectará el 5.11.2024.
- MONSHIROCHÔ (1968), 27', se proyectará el 6.11.2024.
- THE CHERRY TREE WITH GRAY BLOSSOMS (1977), 186', se proyectará el 6.11.2024.
- AKIKO - A PORTRAIT OF A DANCER (1987), 107', se proyectará el 7.11.2024.
- ODE TO MT. HAYACHINE (1982), 186', se proyectará el 8.11.2024.
- HOW TO CARE FOR THE SENILE (1986), 84', se proyectará el 13.11.2024.
- IN THE BEGINNING, WOMAN WAS THE SUN, THE LIFE OF HIRATSUKA RAICHO (2001), 140', se proyectará el 14.11.2024.
- INTO THE PICTURE SCROLL-THE TALE OF YAMANAKA TOKIWA (2004), 100', se proyectará el 16.11.2024.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

1 - A Fundación Xapón dispón dunha Sede en Madrid (Fundación Xapón, Madrid) cuxa misión é a de contribuír a un maior avance na difusión da cultura xaponesa en España e o entendemento entre os cidadáns de ámbolos dous países. Con este fin, a Fundación Xapón, Madrid realiza programas de presentación do arte e da cultura xaponesa, para a difusión da lingua xaponesa, de estudos xaponeses e intercambio intelectual e, ademais, dispón dunha biblioteca e mediateca con recursos e materiais para a ensinanza do idioma xaponés, libros sobre estudos xaponeses e materiais para a difusión da cultura contemporánea xaponesa como DVD de anime e J-Pop ou revistas manga.



2 – Que Agadic, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública autonómica. O obxecto da Agadic é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Para a consecución destes obxectivos, a Agadic, conta coa Filmoteca de Galicia, adscrita ao seu Departamento de Política Audiovisual, como unidade encargada da salvagarda e difusión do patrimonio audiovisual galego.

3 –Que a Fundación Xapón Madrid e a Agadic, a través da Filmoteca de Galicia, teñen un interese común en organizar unha retrospectiva dedicada á directora de cinema xaponesa Sumiko Haneda, considerada unha das máis grandes documentalistas xaponesas da historia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Jacobo Sutil Nesta
Director da Agadic

